

Boletín Nº 300. Viernes, 31 de diciembre de 2004

ORDENANZA FISCAL Nº 16-T

REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS

Artigo 1º . Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 da RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "taxa por licencias urbanísticas", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º . Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento, e que deban realizarse no término municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do solo e no planeamento e normativa urbanística deste concello.

Artigo 3. Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitos ó pagamento da taxa, pero si da obriga de solicita-la oportuna licencia:

- a) As obras que deban efectuarlos particulares nas vías públicas ou na fachada dos pisos baixos e que sexan consecuencia directa das modificacións de aliñacións ou rasantes, canalizacións ou sumidoiros que faga o Concello.
- b) O branqueo, pintado ou revestimento das fachadas e muros.
- c) As derrubas ou demolicións que se produzan como consecuencia de declaracións de ruína inminente e que fosen ordenados polo Concello.
- d) As derrubas ou demolicións daqueles inmobles que de acordo coa actual regulamentación urbanística do Concello se atopen fóra de ordenación e fosen ordenadas por este último.
- e) As obras necesarias para a eliminación de barreiras arquitectónicas, sempre e cando non impliquen incremento de volume da edificación nin cambio de uso de ela.
- f) As instalacións, construcións e obras promovidas directamente por outras administracións públicas que estiveran suxeitas a licencia urbanística municipal ou a calquera outra actividade municipal técnica e administrativa de verificación que constiúa o feito imponible deste imposto, de conformidade co establecido no artigo 2 da presente ordenanza.

Artigo 4º . Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa , en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , xeral tributaria, que soliciten, provoquen ou nos que redunde o interese das prestacións ás que se refire a presente ordenanza.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo otorgamento das licencias urbanísticas, os constructores e contratistas das obras.

Artigo 5º . Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6º . Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cota fixa á que, segundo a natureza do expediente a tramitar, se lle sumará outra cantidade en función da superficie, lonxitude ou unidade, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. Para determinar a superficie das obras e instalacións terase en conta a totalidade das súas plantas e espazos construídos.

Artigo 7º . Tarifa.

1. Licencias ou autorizacións para a segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante: 60,00 euros.

2. Licencias de primeira ocupación de vivendas unifamiliares:

a) Vivendas de ata 200 m² de superficie construída: 60,00 euros.

b) Vivendas de 201 m² a 400 m² de superficie construída: 90,00 euros.

c) Vivendas de máis de 400 m² de superficie construída: 120,00 euros.

3. Licencias de primeira ocupación de vivendas colectivas:

a) Cota fixa por inmovible: 90,00 euros.

b) Por cada unidade de vivenda e por cada 100 m² ou fracción de local comercial ou industrial: 15,00 euros.

c) Por cada 100 m² ou fracción de garaxes, trasteiros e demais dependencias auxiliares: 10,00 euros.

4. Licencias de primeira ocupación de naves e instalacións industriais e comerciais:

a) Cota fixa por unidade: 90,00 euros.

b) Por cada 200 m² ou fracción: 12,00 euros.

5. Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc., así como outros depósitos de almacenamento de gas, gasóleos e similares: 60,00 euros.

6. Instalación de quioscos na vía pública:

a) Cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) Por cada metro cadrado: 12,00 euros.

7. Instalación de carteis publicitarios:

a) Cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) Por cada metro cadrado: 30,00 euros.

8. Fixación de liñas e rasantes:

a) Cota fixa por unidade: 60,00 euros.

b) Por cada 20 metros ou fracción: 30,00 euros.

9. Construcción de edificacións:

Por cada metro cadrado:

a) Ata 200 m² construídos: 0,30 euros.

b) De 200 a 1.000 m² construídos: 1,50 euros.

c) Máis de 1.000 m² construídos: 2,16 euros.

d) Cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de: 60,00 euros.

10. Demolición de edificacións:

Por cada metro cadrado:

a) Ata 1.000 m²: 0,15 euros.

b) Máis de 1.000 m²: 0,30 euros.

c) Cando non se acade esta contía, a taxa mínima a cobrar será de: 60,00 euros.

11. No caso de obras maiores: expedición e subministro do cartel de obra normalizado segundo o modelo establecido na normativa urbanística: 120,00 euros.

12. Por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito imponible desta ordenanza en no apareza especificada nos epígrafes destas tarifas, esixirase unha taxa mínima de 60,00 euros.

Artigo 8º . Devengo.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización desas obras ou a súa demolición se non foran autorizables.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º . Beneficios fiscais

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos Tratados internacionais.

Artigo 10º . Normas de Xestión.

1.- Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística virán obrigados a presentar no Registro Xeral do Concello a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, especificando a natureza da obra, lugar de emplazamento, importe estimado da mesma, medicións e destino.

2.- Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, acompañarase á solicitude un presuposto das obras a realizar así como unha descripción precisa da superficie afectada, materiais a empregar, e en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu coste.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 11º . Liquidación, Notificación e Ingreso.

1.- Á vista da documentación presentada polos interesados, previo estudo e valoración da mesma pola oficina técnica municipal, practicarase liquidación provisional tomando como base imponible para esta liquidación o presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente cando elo constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal en

función do presuposto, memoria ou datos suministrados polo suxeito pasivo, si elo fora posible, ou en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do coste real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o artigo 5 da presente ordenanza, practicando a correspondente liquidación definitiva, i esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.-O ingreso realizarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 12º . Caducidade e duración das licencias.

1.-Consideranse caducadas as licencias si despois de ser concedidas transcorren mais de seis meses sen dar comenzo ás obras, ou cando, unha vez comenzadas, foran interrompidas durante o devandito prazo, excepto nos casos de forza maior, que deberá ser alegada polo titular da licencia antes de que expire o referido prazo para a súa resolución posterior polo organismo concedente.

2.-Transcorrido o prazo de caducidade, quedará sen valor nin efecto algunho a autorización obtida, salvo que anticipadamente se solicite e se obteña a prórroga regulamentaria, que terá como prazo máximo o da licencia orixinaria.

Artigo 13º . Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004 e entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local , comenza a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005 , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.